

BREVE MEMORIA DO VIII CERTAME INTERNACIONAL DE REGUEIFAS

DÍA 24 POESIA CON TRANCA E ENXEÑO

Hora: 20.00 horas

Lugar: Verbum (Casa das Palabras) Avda. Samil s/n

Participantes:

✍ **De Galicia:**

20:00 h: Carlos Solla (Pontevedra)(Cerdedo)

20:30 h: Antón Lopo (Santiago)

21:00 h: Río Lagares (Vigo)

(Xavier Queipo e Misterchoco)

✍ **Do resto do Estado:**

21:30 h: Xavier Theros (Barcelona)

(Compoñente de Accidents Polipoetics)

Presentou:

Xosé Couñago

Comentario:

Visto o éxito do ano pasado, quixemos ver se foi cousa do chou ou do recinto e por iso repetimos no mesmo lugar pero con distintos poetas que dende logo en nada desmereceron ós da edición anterior, de feito tivemos o pracer de contar entre nós con:

✍ **Carlos Solla** que sorprendeu a todo o mundo co seu libro “Cerdedo in the Voyage I”, publicado na Editorial Cardeñoso, no que combina formas poéticas presentadas en disposición figurativa con elementos extralingüísticos, baixo o pseudónimo de “Ratorabisaco” é inxerido dentro dun grugo o que tamén coñecemos, denominado “Igrexa Cometiana”

✍ **Río Lagares(Xabier Queipo e Misterchoco)** , combinación dun recoñecido prosista, sen dúbida dos máis imaxinativos do País e dun iconoclasta Dj, fotógrafo, artista plástico que leva a súa devoción polo collage a tódolos ámbitos incluso o musical e que prepararon un espectáculo que cada vez que o representan impacta ós presentes.

✍ **Antón Lopo**

A poesía de máis rabiosa contemporaneidade en Galicia leva o seu nome (e o de poucos máis). Este xornalista e actor ocasional utiliza estas accións públicas para, mediante unha posta en escea que nada ten que ver coas antigas declamacións poéticas a través do seu outro eu actoral, inxerir ó público dentro do seu mundo.

✍ **Xavier Theros.**

Cada membro dos Accidents Polipoéticos ten vida propia a marxe do grupo que puxo no mundo, de España, a polipoesía, e dicir esa forma de facer Poesía que de tantos elementos que mistura casique poderíamos dicir que non o é aínda que ó pareza.

Nesta ocasión presenciamos o seu derradeiro espectáculo xa programado en salas barcelonesas que foi acollido con críticas moi favorables en xornais tan importantes e prestixiosos como por exemplo “El Pais”.

DÍA 25 RAPEANDO EN ESTILO LIBRE

LUGAR: Auditorio Municipal do Concello de Vigo. Prza. Do Rei s/n

HORA DE INICIO: 19.00 H

Participantes

? DE GALICIA

- ✍ Nape (Santiago)
- ✍ Mon (Santiago)
- ✍ David (“O Jevi” Santiago)
- ✍ Loco 23 (Dela Hoja – Pontevedra)

? DO RESTO DO ESTADO

- ✍ Efren (Barcelona)
- ✍ Alberto Huracan (De Criminal Menda) (Barcelona)

DJ: Laese (Pontevedra)

Comentario:

Dende o ano pasado estamos dándolle cancha ó Rap Improvisado e dende logo non decepcionou, para ilo contamos coa presenza de:

- ✍ David “O Jevi” que repetiu (xa estivo o ano pasado) e forma parte de diversos grupos/colectivos rapeiros de Santiago, o mais coñecido é “Non Residenzt”, pero tamén ten como compañeiro a Iagoso e a Mon. Deu ademais un primeiro paso como contacontos nun espectáculo nada mais e nada menos que da man de Carlos Blanco.
- ✍ Mon. Compañeiro de corredurías de David , co que forma o dúo: Fodi e Barbaconna
- ✍ Loco 23. Que é un novo valor da improvisación rapeira de Galicia, o igual que David, tamén pertence mais concretamente os colectivos que se moven por Pontevedra en concreto a Delahoja e que deu a talla diante dos xa consagrados santiagueses e barceloneses

Como convidados tivemos a:

- ✍ Efrén que foi gañador do festival de estilo libre “COMBA JAM” artellado en Barcelona o ano pasado en loita con numerosos rapeiros da escea catalana.
- ✍ “Alberto Huracán” integrante do colectivo do underground rapeiro barcelonés denominado “Criminal Menda” que xa contan con varias maquetas no seu haber, acostuma a caracterizarse coa personaxe de “Alberto Huracán” e baixo este alter-ego rapea improvisando e adoita deixarse levar por él convertindo a súa actuación nun auténtico show.

O Dj como sempre moi ben os platos e como eiva un auditorio un pouco escaso de xente.

DÍA 26 CERTAME INTERNACIONAL DE REGUEIFAS

Lugar: Auditorio Municipal do Concello

Prza. Do Rei s/n

Hora de inicio: 18.00 horas

Participantes:

As 18.30 h.- Caldebarcos SL (Carnota – Galicia)

Representación dramatizada dunha Regueifa

As 19.00 h.-Glosadors Mallorquins (Ibiza / Formentera)

Francisco Bufi // Ibiza Josefa Tur (Ibiza)

Vicente Bufi // Ibiza Francisca Juan (Formentera)

As 19.30 h.- Regueifeiros Galegos

Luis “O Caruncho” (Vigo)

Jesús de Ventura (Carnota)

Ás 20.00h.- Cantares ó Desafío (Portugal)

Jorge Martins e grupo

Ás 20.30 h.-Los Poetas del Genil (Andalucia)

Gerardo Páez “El Carpintero” (Malaga)

José Arevalo “Chaparrillo” (Cordoba)

Presenta: Xosé Couñago

Comentario:

Ttivemos unha novidade que foi do agrado de todos: un grupo de teatro afeitoado chamado Caldebarcos S.L que proven da Comarca da Costa da Morte, en concreto de Carnota, e que fixeron unha dramatización de diversas coplas e piques que están recollidos na memoria Oral dos Carnotans.

De seguido démoslle paso a catro glosadors das Baleares en concreto tres ibicencos e unha Formentereña que nunha entonación libre fixeron maiormente unhas cuartetos (e incluso agunha octeta) rimando normalmente o 1º e o 3º e o 2º co 4º aínda que en algunhas estrofas rimaron 1º e 4º e 2º co 3º.

Do mesmo xeito que en Galicia, as súas actuacións sustentáronse básicamente nos piques (duros) entre as parellas con referencias ocasionais ós temas e acontecementos do lugar.

Amosaron asimesmo, como introducción, un xeito arcaico e casique en desuso de improvisación na compañía dun tamboril so practicada por contadas persoas que se cree estaba relacionado coa realización de actos lúdicos.

A súa actuación desenvolveuse en mallorquín-ibicenco polo que houbo que prestarlles atención, aínda que eles ó final da actuación fixeron unha explicación abreviada do que dixeran.

Tras deles chegaron os Regueifeiros galegos coa presenza de Luis “O Caruncho” xa coñecido por todos e dun Septaxenario de Carnota chamado Jesús de Ventura que foi a primeira vez que tivemos ocasión de velo entre nos e que non viu moi entrenado xa que pola zona parecenos que fai tempo non hai piques pero en todo caso a chispa estivo garantida, xa que participa activamente no Antroido e noutros actos que se artellan na redonda Carnotan.

Como xa facia tempo que non tiñamos entres nós ós irmáns portugueses, visitounos por primeira vez un dos máis recoñecidos cantores ó desafío do norte da lusitania “Jorge Martíns” acompañado do seu grupo.

E para rematala farra tivemos a uns veciños do Rio Genil, un pola beira da Provincia de Malaga e outro pola beira de Cordoba que a duo e a veces na compañía doutros dous troveros forman “Los Poetas del Genil”. Os improvisadores desta comarca improvisaron “a capela” e para demostralo incluso lle pediron temas ó público. Co seu arte levan participando de Festivais en Canarias, México e tamén promoveron un dos máis importantes que se celebra en España, o de Villanueva de Tapia (Malaga) o que xa fai un par de anos que asisten os nosos Regueifeiros. Fan quintillas (de cinco versos) nas que riman o 1º o 3º e o 5º e logo o 2º e o 4º, en veladas de catro e cinco horas nas que participan El Carpintero mais Chaparrillo que así se chamaban os nosos convidados.

DÍA 27 RE-TRANCA LITERARIA

Lugar: Auditorio de Caixagalicia
R/ Policarpo Sanz

Hora de inicio: 20,00 horas

Participantes:

20,00 h.- Basilio Cogo (Galicia) (Básico Rodríguez)

21,00 h.- Alvaro Lago (Galicia)

21,30 h.- Camilo Franco (Galicia)

Presenta: Xosé Couñago

Conforme o ano pasado iniciamos a adicatoria dun día a poetas que cultivan o inxeño nas súas creacións, con grande éxito, decidimos que podería estar ben reservar un oco para que os novelistas que utilizan a retranca nos seus escritos poideran amoxarnos as súas habilidades.

De entre os que as cultivan, aínda que sexa ocasionalmente, este “xénero” que non son moitos en Galicia, trouxemos para que nos leeran algúns textos da súa autoría, xa foran publicados ou non a:

Basilio Cogo.- Co pseudónimo de Básico Rodríguez acaba de publicar un libro denominado “A transfusión” en Veniais Edicións de Lugo que é unha crónica burlesca da transición que acadou unhas críticas moi satisfactorias nos distintos medios de comunicación galegos.

Camilo Franco.- Xornalista e autor literario recoñecido en Galicia, é asimesmo un forofo recoñecido das novas tecnoloxías. Son precisamente estas e sobre todo o Internet o que o forneceron dun novo reto para dar o pulo ó seu derradeiro libro “Por conto alleo” editado por Galaxia.

Durante 50 noites, partindo de palabras ou frases que lle remitiron cada día os internautas a través de Vieiros, elaborou 50 relatos (a un por día) coas palabras recibidas nese mesmo día, cun resultado que asombra pola súa calidade e por outro lado todo un exercicio de improvisación que voltamos a repetir neste día

Alvaro Lago.- Escritor e xornalista nacido en Compostela, con moita vinculación a Pontevedra (e sobre todo ó seu Museo), pero residente na actualidade en Ourense onde fai traballos por encargo e ten a súa propia editorial despois de traballar para moitos medios escritos, o seu último libro publicado está sendo magnificamente acollido.

